



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E ASOCIACIÓN PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela, 12 de maio de 2016

REUNIDOS

Don....., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don....., con DNI..... a súa condición de presidente da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego, con CIF... e enderezo....., que actúa no nome e en representación da devandita asociación segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.
2. Que ambas as dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 22 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade.



XUNTA DE GALICIA

3. Que, no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as competencias en materia de política lingüística. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións ou entidades que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.
4. Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor de contribuír ao desenvolvemento e difusión da lingua e da cultura galegas. Concretamente, a Asociación Padroado Museo do Pobo Galego con carácter exclusivamente científico e de investigación foi constituída no ano 1976, declarada de interese galego e cultural e inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2003/006510-1, ten por obxectivos investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega en todos os seus ámbitos.
5. Que o Museo do Pobo Galego como cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos antropolóxicos de Galicia constituíuse como un organismo ao servizo da comunidade, comprometido coa salvagarda dunhas tradicións e costumes que a miúdo son esquecidas ou relegadas da historia oficial a pesares de ser a esencia onde o pobo atopa as pregadas da súa identidade. A Xunta de Galicia polo Decreto 111/1993, de 22 de maio recoñeceu ao Museo do Pobo Galego como centro sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicas de Galicia.
6. Que, para cumprir os seus obxectivos, esta asociación leva a cabo programas e actividades de diversa índole que dende a perspectiva da antropoloxía cultural, intenta abarcar e relacionar as diversas manifestacións humanas no seo dunha comunidade diferenciada, recollendo, conservando e estudando as mostras da cultura espiritual e material contribuíndo a planificación do futuro colectivo
7. Que, dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente poderá levalas a cabo a Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego que, ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia asociación. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.
8. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera de especial interese para fomentar a lingua e a cultura galegas as actividades que



XUNTA DE GALICIA

desenvolve esta asociación e, dado que teñen intereses comúns e coincidentes, desexan colaborar conxuntamente mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2016, que rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego para colaborar na realización dunhas xornadas conmemorativas do centenario das Irmandades da Fala.

Segunda.- Obrigas da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio a asociación, comprométese a desenvolver en lingua galega o *Simposio Repensando Galicia: As Irmandades da Fala, 1916-1931*, para conmemorar o centenario da creación das Irmandades da Fala. O simposio celebrarase en Santiago de Compostela durante tres días nos que se realizarán nove sesións cos seguintes títulos:

- Ideoloxías e programas
- Organización e acción política
- Lingua, literatura e medios de comunicación
- Economía e sociedade
- Cuestión de xénero nas Irmandades da Fala
- Ciencias
- Artes plásticas e música
- Relacións exteriores
- Análise comparativa

A asociación encargarse de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas neste convenio. Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.



XUNTA DE GALICIA

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do convenio.

Cuarta.- Financiamento

O importe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **trece mil catrocentos euros (13.400,00 €)**, importe que se sufragará coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **doce mil euros (12.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria 10.30.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016.
- A asociación achegará a cantidade restante de **mil catrocentos euros (1.400,00 €)**

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Quinta.- Xustificación e pagamento

Para percibir a correspondente achega, a Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego deberá presentar na Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa data límite do 30 de novembro de 2016 a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento deberá presentar:



XUNTA DE GALICIA

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A asociación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reserva para si o dereito de solicitar tanta documentación considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do convenio, así como a realización das actividades de control e seguimento do cumprimento das actividades previstas neste convenio.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e

bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2016. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da asociación.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito

que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan tres copias deste convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente da Asociación Padroado do
Museo do Pobo Galego